

**INFORME_PROPOSTA MODIFICACION ORDENANZA FISCAL NÚM. 200
REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.
VEHÍCULOS HISTÓRICOS.**

PRIMEIRO.- No artigo 95.6.c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais establécese a posibilidade de que as ordenanzas fiscais regulen, sobre a cota do imposto, entre outras, dunha bonificación de ata o 100 por cen para os vehículos históricos ou aqueles que teñan unha antigüidade mínima de vinte e cinco anos, contados a partir da data da súa fabricación ou, se esta non se coñecese, tomando como tal a da súa primeira matriculación ou, na súa falta, a data en que o correspondente tipo ou variante deixouse de fabricar.

En virtude desta posibilidade no artigo 4.2 da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica regúlase *“unha bonificación do 100 por cento da cota do Imposto para os vehículos calificados como históricos polo órgano competente da Comunidade Autónoma, con arreglo ao disposto no Real Decreto 1247/1995, do 14 de xullo, polo que se aprobou o regulamento de vehículos históricos, e sempre que figuren así matriculados no rexistro da Xefatura Provincial de Tráfico”*.

SEGUNDO.- No BOE núm. 226 do 18 de setembro de 2024 foi publicado o Real Decreto 892/2024, do 10 de setembro, polo que se aprobou o Regulamento de Vehículos Históricos, para a aplicación e desenvolvemento do texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e seguridade Vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 6/2015, de 30 de outubro, entrando en vigor o 1 de outubro de 2024.

De acordo coa súa disposición derogatoria única, quedou derogado o Real Decreto 1247/1995, de 14 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Vehículos Históricos e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

TERCEIRO.- En virtude do artigo 12.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora da facendas locais, que establece que a xestión, liquidación, inspección e recadación dos tributos locais realizarase de acordo con o previsto na Lei Xeral Tributaria e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

E en virtude do apartado dous do mesmo artigo no que se que a través das súas ordenanzas fiscais as entidades locais poderán adaptar a normativa a que se refire o apartado anterior ao réxime de organización e funcionamento interno propio de cada unha delas, sen que tal adaptación poida contravir o contido material da devandita normativa.

PROPONSE:

A modificación do artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal número 200 reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica quedando redactado o artigo 5 do seguinte xeito:

“ 2.- Establécese unha bonificación do 100 por cento da cota do imposto para os vehículos calificados como históricos con arreglo ao disposto no Real Decreto 892/2024, do 10 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de Vehículos Históricos”

Asinado dixitalmente pola Xefa de Servizo de Facenda Local, Isabel Carbonés Bosch, co conforme Excmo. Sr. Alcalde, don Miguel Fernández Méndez, en suplencia do Ilmo. Sr. don Ángel Pablo Permuy Villanueva, tenente de alcalde delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude, do Excmo. Concello de Lugo, na data que figura á marxe.